

O océano modela a cara oeste das illas Cíes, formando escarpados cantís onde a vexetación pégase a rentes do chan para protexerse dos fortes ventos, e as aves mariñas, como a gaivota patiamarela e o corvo mariño cristado, aproveitan a tranquilidade dos acantilados e a abundancia de alimento no mar para criar.



Xa de volta no camiño principal, seguimos ascendendo por unhas costentas curvas finais ata chegarmos ao cumio do monte, onde se atopa o faro. Desde alí, rodeados de gaivotas que xogan co vento, e con 175 metros de vertixinosos cantís aos nosos pés, contemplamos no seu conxunto o arquipélago das Cíes, que a xeito de dique xigante protexe a ría de Vigo do poderoso bater do océano Atlántico.



Para que todo o mundo poida gozar das vistas dende o Faro de Cíes con seguridade e co fin de evitar as aglomeracións, é recomendable minimizar o tempo de estancia nas zonas de miradoiro (Faro, Alto da Campá...).



RUTA DO FARO DE CÍES

Distancia caseta de información – Faro de Cíes: 3,5 km.

Duración do percorrido: 1 hora 30 minutos (só ida). Aproximadamente 2 h 30 minutos ida e volta.

Outras alternativas:

Ata o lago de Cíes: 500 metros (aproximadamente 10 minutos).

Ata o cruce da praia de Nosa Señora: 1,5 km (aproximadamente 30 minutos).

Ata a zona do observatorio do Alto da Campá: 2,5 km (aproximadamente 1 hora).

Desnivel máximo: 175 m.

Cor da sinalización: Amarelo.

Punto de inicio: caseta de información.



Lembra: o camiño é de ida e volta. Para poder manter a distancia de seguridade, dentro do posible e sempre que veñan outras persoas de fronte, transita pola parte dereita do camiño.



Este itinerario é o máis emblemático e frecuentado das Cíes, pois finaliza no punto máis alto que se pode visitar en todo o Parque Nacional e ofrece unha das vistas máis espectaculares do arquipélago.

Nesta ruta descubriremos a variedade de paisaxes e ecosistemas que fai destas illas un lugar único.

Dende a caseta de información collemos o camiño de rodeiras de cemento que parte en dirección sur, coa praia á nosa esquerda. A espectacular praia de Rodas, con case quilómetro e medio de lonxitude, é unha barreira areosa que une as illas de Monteagudo e Faro e mostra a acción dinámica dos ventos e as correntes mariñas, constituíndo unha das paisaxes máis coñecidas das illas Cíes. Pouco despois chegamos ao Lago.



Esta lagoa de auga salgada, ademais de darlle beleza ao complexo da praia de Rodas, acolle unha gran diversidade de animais mariños e as súas crías que aproveitan as súas augas tranquilas e ricas en nutrientes.

Despois de cruzar o dique, xa na illa do Faro, chegamos á entrada principal do cámping e deixámolo a man esquerda, continuando polo camiño principal. En 6-7 minutos chegamos á zona máis abrigada e humanizada da illa, onde se atopa o Centro de Visitantes (actualmente pechado ao público), a maior parte das instalacións do Parque e as poucas vivendas de propiedade particular que quedan, tan só ocupadas na tempada estival. Dende esta zona se nos ofrece tamén unha boa panorámica do complexo de Rodas dende o alto, co lago, a praia e o cordón dunar vexetado.

Ademais dun almacén de area necesario para a existencia das praias, os sistemas dunares son o fogar de valiosas especies de plantas e animais especialmente adaptados para vivir na area.



Uns 300 m despois do Centro de Visitantes atopamos o cruzamento principal da illa, onde se dividen a ruta do Faro de Cíes da do Faro da Porta (cor verde) e onde poderemos tamén baixar ata a praia de Nosa Señora. Se decidimos continuar a nosa ruta, escolleremos a pista que ascende á nosa dereita.

Na primeira curva da subida ao Faro unha fermosa panorámica exténdese aos nosos pés, coa illa de San Martiño, a pequena praia de Nosa Señora e a zona mariña que as separa.

As árbores, procedentes case na súa totalidade de repoboacións realizadas no s.XX, case sempre con especies invasoras como eucaliptos e acacias, darannos sombra na primeira parte desta subida, pero despois apreciaremos como os fortes ventos cargados de salinidade impiden que medren as árbores para deixar paso ás matogueiras costeiras.

As duras espiñas do toxo resisten os ventos do océano, facendo da matogueira a vexetación predominante de forma natural nas illas e o refuxio perfecto para moitos animais.



Podemos coller un desvío que atoparemos debidamente sinalizado a man dereita para achegarnos ao Alto da Campá, a 300 metros do camiño principal. Se tomamos o desvío indicado, dende o propio camiño poderemos ver a singular Pedra da Campá, unha rocha perforada pola forza erosiva dos ventos cargados de salitre.

Ao final do desvío, na zona do observatorio de aves (instalación actualmente pechada ao público), a altura e situación do lugar vannos permitir gozar de magníficas vistas do Lago e da praia de Rodas e observar a diferenza entre a vertente leste das illas, de perfil moito máis suave, e a cara oeste, marcada pola forza do océano.